

| | |
|--|--|
| Comunidade Autónoma / Departamento / Estado | GALICIA |
| Municipio | CORCUBIÓN |
| Edificio | Igrexa de San Pedro da Redonda |
| Dirección | Igrexario de Redonda 15137 |
| | 42.921844094727845 -9.203648186029504 |
| Protección | |
| Descrición | <p>A única parroquia do concello, aparte da que constitúe a capital municipal, é Redonda, que se reparte en varias aldeas pola península de Quenxe. A igrexa parroquial de San Pedro é orixinalmente románica, pero tamén sufriu grandes reformas, sendo a última nos anos 1991 e 1992 restaurando a igrexa e o adro no que tan só quedan daquel estilo o arco triunfal e a ábsida de base rectangular. No testeiro ábrese a típica ventá románica. Tamén consérvanse algúns canzorriños primitivos sostendo o aleiro do tellado. O edificio é de reducidas dimensións con nave e capelas únicas, ambas de planta rectangular. Está cuberta a dúas augas con tellado de tella.</p> <p>A decoración exterior contén motivos vexetais, destacan a espadana dun corpo con dous arcos de medio punto peraltados sobre alicerces, un frontón, dous acróteros piramidais e unha cruz.</p> <p>A decoración interior contén retablos con imaxes como a de San Pedro, unha pequena talla gótica duns 40 cms, a da Virxe das Mercedes, a da Virxe do Carme, unha talla de San Xoán Bautista e a da Virxe do Rosario.</p> <p>O campo onde se atopa a igrexa está nun lugar moi fermoso e contén ademáis da igrexa, un camposanto e un cruceiro.</p> |
| Campás | A Campá maior fundida en 1994 polos Irmáns Ocampo en Arcos da Condesa (Caldas de Reis, Pontevedra). A menor é unha campá anepígrafa. Ten unha diferenza de 32 cm no diámetro entre a maior e a menor. Neste tipo de campás pequenas, case é normal, son de tipo ferroviarias e moi semellantes ás mariñas. |
| Fotos | 6 |
| Toques actuais de campás | |
| Conservación, mantemento | |
| Propostas | |
| Autors da documentación | TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA |
| Data | 09-05-2021 |

Campás actuais

| Localización | Campá | Fundidor | Ano de fundición | Diámetro (en cm) | Peso |
|--------------|-------|----------|------------------|------------------|------|
|--------------|-------|----------|------------------|------------------|------|

| | | | | | |
|----------|-------------------------------------|--------------------------------------|------|----|-----|
| Espadana | Campá menor (1) | | | 31 | 17 |
| Espadana | Campá maior (2) | OCAMPO, HERMANOS | 1994 | 63 | 145 |

Información completa: [Igrexa de San Pedro da Redonda - CORCUBIÓN \(GALICIA\)](#)

PDF (14-06-2026)